

RESUMO DE CONTIDOS

Lecturas compartidas

Lingua Galega e Literatura
2º ESO



Índice

Tacón, punto, tacón.....	2
Non, oh! Vaiche boa!.....	3
Moi, moito!.....	3

Lecturas compartidas

3. Tacón, punta, tacón

3.1. Máis que recursos

Xogando coas palabras

Os recursos estilísticos son as ferramentas coas que a lingua pinta, compón e crea. Igual que un pintor mestura cores para dar vida ao lenzo, ou un músico combina sons e silencios para espertar emocións, quen escribe xoga coas palabras para transformalas en algo máis ca simples sinais.

Grazas ás metáforas, ás comparacións, ás personificacións ou ás aliteracións, a linguaxe abre portas a mundos novos, engade luz onde había só significado e converte unha frase corrente nun pequeno cadro ou nun fragmento de música. Son, en definitiva, os pinceis e as notas que fan que a expresión escrita ou respire, brille e conmová.



3.1. Non, oh! Vaiche boa!

O que digo sen dicir

Ás veces empregamos sons, sílabas, palabras que din moito máis do que paracen. Son as interxeccións.

A **interxección** é unha clase de palabra invariable que se utiliza para expresar emocións, reaccións afectivas, impresións súbitas, verbalizar sentimentos ou chamar a atención.

As máis frecuentes son:

- **Ah!:** indica que caes na conta de algo. (*Ah! Xa sei o que teño que facer*).
- **Ai!:** expresa dor física, desánimo... (*Ai! Esta perna non para de doermel!*).
- **Ala!:** úsase para dar ánimo, expresar sorpresa (*Ala, Sabela! Xa logo temos o programa*).
- **Bah!/Boh!:** indica incredulidade, desgusto, desprezo (*Bah! Non me fixo caso!*) (*Boh! Non entendín nada!*).
- **Ca!:** nega ou indica incredulidade (*Ca, nin falar!*).
- **Eh!/Ei!:** serve para responder a unha chamada ou para chamar a atención de alguén (*Ei! Chámame cando chegues!*).
- **Ho!:** úsase para dirixirse a alguén (*Non ho! Desta non pasa*).
- **Oi!:** indica sorpresa (*Oi! Isto non hai quen o aguante!*).
- **Vaites!:** expresa sorpresa, admiración ás veces con ironía (*Vaites, vaites, quen moi ía dicir a min!*).

3.3. Moi, moito!

Palabras que mudan

Os *adverbios* son unha clase de palabra que modifican un verbo, un adxectivo, outro adverbio ou unha oración enteira. Achegan unha circunstancia de modo, de tempo, lugar, cantidade, precisión, afirmación, negación ou dúbida. Tamén hai locucións adverbiais que achegan as mesmas circunstancias pero están formadas por máis dunha palabra.

Amodo/amodiño/devagar/paseniño significa pouco a pouco, lentamente. Son adverbios de modo. Tamén podemos utilizar os adverbios acabados en -mente.

Ao chou e a ceacú son locucións adverbiais pois están formadas por máis dunha palabra.

Atribución dos recursos incorporados ao documento

Recursos incorporados por orde de aparición e páxina:

Páxina 2: creación propia Proxecto cREAgal Licenza CC-BY-NC-SA



“Resumo de contidos: Lecturas compartidas”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](#)